



Medida 4.1.1

Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro

RESOLUCIÓN DA CONSELLEIRA DO MAR DE 31 DE XANEIRO DE 2017 POLA QUE SE SELECCIONA Á ASOCIACIÓN “GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR” CON NIF G70184494 COMO GALP, E SE APROBA A SÚA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVA PARA O PERIODO DE PROGRAMACIÓN DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) 2014-2020

FEITOS

- O 16 de abril de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro (en diante GALP) para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo (en diante EDLP) no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.
- O artigo 14.5 da Orde do 6 de abril de 2015 establece que “No suposto de que na convocatoria queden zonas do territorio sen cubrir cun GALP, ben porque non se presenta ningunha candidatura axustada á delimitación territorial proposta ou porque a candidatura presentada non cumpre os requisitos da convocatoria ou a súa calidade non lle permita superar a puntuación mínima, realizaríase unha segunda convocatoria de selección de EDLP o máis tardar o 31 de decembro de 2017, facendo uso da posibilidade recollida no artigo 33.4 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Na segunda convocatoria só poderían concorrer grupos en territorios que non quedasen cubertos na primeira”.
- O 14 de xuño de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 10 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convoca un novo proceso de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro no ámbito territorial dos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.
- O 16 de setembro de 2016, por resolución da Conselleira do Mar, a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro “Golfo Ártabro Sur” resultou seleccionada como candidata a GALP, cun territorio de actuación que comprende os municipios de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo e formalizouse o correspondente convenio de colaboración coa Consellería do Mar para a elaboración dunha EDLP.
- O 7 de novembro de 2016 a dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro acorda establecer o prazo de presentación da EDLP ante a consellería do Mar dende o día 21 de novembro ata o día 5 de decembro de 2016.
- O 2 de decembro de 2016, a asociación “Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur” presentou á Consellería do Mar a súa estratexia de



Medida 4.1.1

Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro

desenvolvemento local participativa como candidato ao GALP Golfo Ártabro Sur.

- O día 30 de xaneiro de 2017 o órgano instrutor elevou á conselleira do Mar a proposta de resolución do Comité de Selección da EDLP aprobada e GALP seleccionado, con indicación do territorio cuberto e o financiamento indicativo previsto para aplicar á EDLP.
- Conforme co esixido na resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro de 24 de novembro de 2015 pola que se establecen os criterios de selección das estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP) presentadas polas asociacións candidatas, a proposta de resolución do Comité de Selección recolle que o grupo superou o mínimo de 50 puntos dun total de 100 e que acadou un financiamento indicativo de 4.000.000,00 euros para a aplicar a súa EDLP no período de programación FEMP 2014-2020, dos que 1.000.000,00 euros corresponden aos custes de animación e funcionamento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- De conformidade co Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello.
- De conformidade co Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.
- De conformidade co Programa Operativo para España do FEMP.
- De conformidade ca Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.
- De conformidade coa Resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro de 24 de novembro de 2015 pola que se establecen os criterios de selección das estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP)



Medida 4.1.1

Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro

presentadas polas asociacións candidatas.

- De conformidade coa Resolución do 10 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convoca un novo proceso de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro no ámbito territorial dos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.

A conselleira do Mar, como órgano de resolución do procedemento, de conformidade co establecido no artigo 16 da citada orde e en virtude das competencias outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia

RESOLVE

1. Seleccionar á Asociación “Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur”, con NIF G70184494 como GALP para o territorio integrado polos municipios de Sada, Bergondo, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo, que deberá:
 - a. Estar dotado dun equipo técnico con formación cualificada e capacidade para xestionar a EDLP.
 - b. Desenvolver as funcións descritas no artigo 34.3 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e outras que lle podan ser delegadas.
2. Aprobar a estratexia de desenvolvemento local participativa da Asociación “Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur” condicionada á adaptación do seu plan financeiro.

O GALP poderá modificar o contido da EDLP por causa xustificada e comunicación previa, para os efectos da súa autorización.
3. Recoñecer á Asociación “Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur” como entidade colaboradora para os efectos do disposto na normativa aplicable en materia de subvencións no marco do Desenvolvemento Sostible das Zonas Pesqueiras do Regulamento (UE) nº 508/2014, condicionado á sinatura do correspondente convenio de colaboración, segundo o establecido no artigo 16 da Orde de 6 de abril de 2015.
4. Asignar como financiamento indicativo para aplicar a estratexia de desenvolvemento local a cantidade de 4.000.000 de euros no período de programación FEMP 2014-2020, dos que 1.000.000 euros corresponden aos custos de funcionamento e animación, suxeita, en todo caso, á dispoñibilidade orzamentaria e a sinatura do convenio de colaboración correspondente.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con



Medida 4.1.1

Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro

carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou ou recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

Rosa María Quintana Carballo



Conselleira do Mar